



ASUNTO: Valoración da situación de Don Manuel Touceda Rey

Ante as novas aparecidas nos medios durante o pasado fin de semana en relación ca situación persoal de Don Manuel Touceda Rey celebrouse una reunión valorativa na cal se adoptaron diversas medidas:

1. Pese a non ser concelleiro electo, e namentres non se aclare a súa situación persoal, **acordouse suspenderlo de militancia.**
2. **Esixir a non vulneración da presunción de inocencia**, posto que nun estado de dereito a culpabilidade sobre a realización duns feitos só a pode establecer un Tribunal de Xustiza, e polo de agora non existe pronunciamento de ningún tipo. Logo da reunión celebrada esta semana, de escoitar o noso compañeiro e de ler toda a documentación das actuacións confiamos plenamente na ausencia responsabilidade penal en relación co presuntos delitos dos que está a ser investigado, e no bo facer das forzas do orde público e das autoridades xudiciais, esperando se esclareza esta situación o antes posible.
3. Os Populares de Caldas de Reis nunca toleraremos nin ampararemos ningún tipo de conducta ilegal, nin ética nin moralmente reprobable, por parte dos nosos concelleiros e concelleiras no exercicio da representación pública.
4. Queremos ser especialmente críticos co PSOE local que sacou unha lamentable nota de prensa, un partido que chegou a ter sentado no banquillo a todo o equipo de goberno por feitos directamente relacionados co desempeño de cargos políticos e non foron quen de adoptar medida disciplinaria ningunha nin nunca deron explicacións os caldenses. En relación cas acusacións verquidas na referida nota de prensa do PSOE local debemos indicar:
 - a. O nos partido non repartiu ningún tipo de “panfleto de difamación e menosprezo cada o alcalde” en San Clemente, repartimos una revista en cada parroquia, e por elo tamén en San Clemente, que está colgada nas redes sociais e co membrete do noso partido, onde denunciabamos os compromisos concretos, e por escrito, asumidos polo equipo de goberno nesa parroquia e reiteradamente incumpridos, nos non mentimos, no é noso estilo, non como fan outros. Se se senten difamados deben acudir as vías establecidas os efectos para demostras esas presuntas inxurias.
 - b. Sobre o carrexo de votantes, mesturando de forma touticeira co carburante, debemos indicar que non é o noso estilo, nunca o fixemos, o mellor é que o PSOE local pensa que o resto de forzas facemos o que fixeron toda a vida eles, pero neste caso non é así, e se fose certo, deberían acreditarlo e reflexalo nas actas das mesas electorais mediante a oportuna reclamación, posto que esa é a vía establecida os efectos.
 - c. Lembrarlle o PSOE local que as cousas cambiaron e que con nos a difamación e a mentira non vai a saírille gratis, e polo tanto que midan as expresión se non queren ter que render contas ante a Xustiza, porque nos imos ser intransixentes con esta forma de entender a política.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620